



Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 1051910J8V	
Código de verificación  6W5F 3F5D 2X26 6Y0F 0QA5	Expediente 105/2025/3607	
	Fecha 14-05-2025	

Bases reguladoras da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións destinadas ás entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, do Concello da Coruña, para a realización de actividades ou proxectos de interese social durante o ano 2025

I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006), e da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, aprobada polo Pleno do Excmo. Concello na sesión de data 06 de xuño do 2024, (BOP nº 157 do 16.08.2024, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/08/16/2024_0000005745.pdf) e o artigo 2.3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convócanse as subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social no ámbito dos servizos sociais comunitarios, para realizar durante o ano 2025, axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Base 2.- Finalidade

2.1. A finalidade das subvencións é a cooperación en actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social no ámbito dos servizos sociais comunitarios, no termo municipal da Coruña, a realizar durante o ano 2025, por entidades de iniciativa social ou agrupacións de persoas, nas condicións establecidas na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos.

2.2. Para estes efectos, enténdese que perseguen “un interese social no ámbito dos servizos sociais comunitarios” as actividades ou proxectos que contribúan a desenvolver e complementar os programas e servizos sociais comunitarios regulados no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, tomando como referencia o “Anexo IV - Codificación e prioridades no plantexamento de programas e proxectos de actuación anuais dos servizos sociais comunitarios municipais”.

2.3. En todo caso, as entidades ou agrupacións de persoas solicitantes deberán xustificar na súa solicitude en qué medida as actividades e proxectos para os que solicitan financiamento contribúen a desenvolver e complementar os devanditos programas e servizos sociais comunitarios regulados no Decreto 99/2012, do



16 de marzo, tomando como referencia o “Anexo IV - Codificación e prioridades no plantexamento de programas e proxectos de actuación anuais dos servizos sociais comunitarios municipais”.

Base 3.- Réxime xurídico

3.1. A presente convocatoria rexerase íntegramente polas Bases reguladoras contidas na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos (BOP nº 157 do 16.08.2024); pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; pola Lei 9/2007, do 13 xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as demais normas que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña, de data 09/03/2016.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o disposto nas Bases de Execución do orzamento municipal do exercicio 2025, a partir do momento da súa aprobación.

3.2. As bases estarán ao dispor das entidades interesadas na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>, na páxina web da Concellaría de Benestar Social: <https://www.coruna.gal/servizossociais/>. Publicarase un extracto delas na páxina web do Boletín Oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>.

II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 4.- Crédito orzamentario

4.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.231.489.00 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio económico.

4.2. Este crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poden conceder.

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), no caso de que este crédito se incrementase como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos, ou por incrementarse o seu crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta cuantía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da cuantía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Base 5.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

5.1. O importe máximo que se poderá conceder para cada proxecto é de oito mil euros (8.000,00 €), podendo solicitar cada entidade un máximo dun proxecto.

5.2. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 90% do seu total. En consecuencia, o coeficiente de financiamento propio será como mínimo do 10%.



5.3. O coeficiente de financiamento propio poderá estar constituído tanto pola achega propia da entidade solicitante como daquelas outras achegas procedentes doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas. As achegas deben ter sempre carácter dinerario, sen que se admitan achegas en especie.

Base 6. Compatibilidade

6.1. Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

No caso de solicitar ou recibir unha subvención ou outra axuda posteriormente á presentación da solicitude inicial, a entidade debe comunicar, mediante o anexo S3, esta situación ao Servizo que tramita esta convocatoria.

III. GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 7.- Gastos subvencionables

7.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais:

7.1.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan estritamente necesarios, respondan de maneira indubable á natureza da actividade e se leven a cabo con anterioridade ao fin do prazo previsto para a execución do proxecto ou actividade subvencionada tales como:

- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto da subvención (gastos do persoal directamente afectado ao cumprimento da finalidade subvencionada, gastos profesionais, organización de talleres e accións).
- Gastos xerais imputables ás actividades ou proxectos obxecto da subvención (aluguer do local social, agua, gas, teléfono, luz, papelería, etc.).
- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto da subvención: cartelería, dípticos e trípticos, subministracións e servizos realizados por provedores e/ou profesionais, etc.

7.1.2 En todo caso, debe acreditarse de xeito fidedigno no correspondente xustificante do gasto que está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

7.1.3. Tamen se consideran gastos subvencionables aqueles que, cumprindo a condición anterior, acredítense con xustificantes emitidos nos dous meses seguintes á finalización dese prazo.

7.1.4. Considéranse válidos aqueles gastos que correspondendo ao ano en que aprobouse a subvención, abonense no exercicio seguinte, sempre que o abono realícese antes da finalización do prazo previsto para a presentación da xustificación.

7.1.5. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

7.2. Gastos subvencionables: Subcontratación:

Poderanse subcontratar ata o 50% das actividades ou proxectos subvencionados con suxeición aos seguintes límites:



- Non se admitirá a subcontratación nos supostos previstos nos apartados a), b), c) y e) do artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións.
- No caso de subcontratar con entidades que non estean vinculadas, para supostos distintos ao apartado anterior e se supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade ou proxecto subvencionado, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade ou proxecto, o cal deberá acreditarse. Ademais, no caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros, é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

7.3. Gastos subvencionables: Contratación con persoas ou entidades vinculadas:

De conformidade co disposto no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32.4.d) da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos en ningún caso poderá concertarse pola beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, a non ser que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o importe subvencionable non supere o custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo farase na xustificación nos mesmos termos que os establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
- Que a contratación se realice coas condicións normais de mercado
- Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte xeito:
 - ✓ Solicitud por parte da entidade interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
 - ✓ Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto subvencionado, estipulando os terceiros/as con quen/es se contratará e os servizos que prestarán.

Para estes efectos considérase que existe vinculación¹ con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorra algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións¹.

Non obstante o establecido nos apartados 7.2 e 7.3 anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

7.4. Gastos subvencionables: Gastos indirectos ou gastos xerais:

7.4.1. En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da persoa beneficiaria serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

Partindo da base de que esta convocatoria financia actividades ou proxectos concretos da entidade, poderanse imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade nunha porcentaxe do 13% do orzamento da actividade ou proxecto presentado coa solicitude ou do gasto realizado, se

¹ **Nota** Entre outros supostos, consideradr que existe vinculación:

- Con persoas da Xunta directiva ou que exerzan a administración da entidade beneficiaria ou os seus familiares directos.
- Con empregados/as da entidad beneficiaria.
- Con empregados/as das empresas colaboradoras no deseño, desenvolvemento e execución da presente promoción, cónxuxes, parellas e parentes ata segundo grao das persoas citadas con anterioridade.



este fose menor. Para a consideración destes **gastos indirectos sen xustificación**, como gastos subvencionables, deberá acreditarse, coa presentación do orzamento da subvención, que a entidade beneficiaria ten gastos estruturais polo menos por este importe. En caso de non acreditar este extremo no orzamento, deberán presentarse os correspondentes xustificantes de gasto e acreditar o seu pagamento efectivo. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa gastos de carácter xeral agás que se acredite de xeito fidedigno nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo, necesario e imprescindible para o desenvolvemento da actividade ou proxecto.

Nos casos nos que no orzamento ou na conta de gastos da xustificación presentada incorpórense achegas e axudas de terceiros alleos ao beneficiario ou ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes, o importe máximo será o 13% dos gastos a realizar ou dos realizados e xustificados, pero descontando destes gastos, e antes de aplicar a dita porcentaxe, as axudas e achegas de terceiros e/ou os ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes.

Non poderán imputar gastos xerais nos termos previstos neste apartado aquelas entidades que teñan subscrito un convenio co Concello da Coruña no mesmo exercicio ao cal corresponde esta convocatoria que financie gastos de funcionamento da entidade.

- a) Os gastos financeiros, os gastos de asesoramento xurídico ou financeiro, os gastos notariais e de rexistro e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que sexan gastos directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución dela.

7.5. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

7.5.1. De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións, e no artigo 33.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, cando o importe do gasto subvencionable supere os importes establecidos na lexislación de contratos do sector público para o contrato menor (15.000 euros, para contratos de subministracións e servizos, 40.000 euros, para contratos de obras), a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación da obra, servizo ou subministración, a non ser que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou a menos que o gasto se fixera con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude de subvención, farase de acordo cos criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7.6. Gastos non subvencionables:

7.6.1. Son gastos non subvencionables aqueles relativos con investimento en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

7.6.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.



- Os gastos dos procesos xudiciais.
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda das persoas físicas.

7.6.3 Non serán subvencionables determinados gastos, tales como investimentos inventariables, xuros financeiros, cotas de préstamos, impostos (excepto o IVE non susceptible de repercusión ou compensación), taxas, prezos, sancións e/ou multas ou sancións administrativas, gastos en procesos xudiciais. Tampouco serán subvencionables os gastos de agasallos, ou os realizados en concepto de comidas (a non ser que teñan relación directa coa actividade a subvencionar), ceas ou banquetes, e outros gastos de protocolo e representación.

7.6.4. Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos establecidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período de realización e pagamento fixado na base 7.1.1. desta convocatoria.

IV. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 8.- Requisitos para obter a condición de persona beneficiaria

8.1. Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as persoas xurídicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, estean válidamente constituídas e poidan levar a cabo as actividades ou proxectos ou estean na situación que motiva a concesión da subvención (en adiante, entidades). No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado os requisitos da persoa beneficiaria deberán ser cumpridos por todos e cada un dos socios/as, independente da súa porcentaxe na sociedade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente na solicitude da subvención, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, corresponden á agrupación.

Tanto os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, deberán facerse constar na resolución da concesión da subvención.

Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

8.2 Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán cumprirse con anterioridade á data da proposta da concesión da subvención e que deben manterse durante todo o período de execución da actividade subvencionada, ademáis dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

- a) Que teñan domicilio social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta para determinar o domicilio social da entidade o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente.



Concello da Coruña

No caso de existir unha delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante un contrato ou un documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que se estableza que o seu uso será para actividades da propia entidade.

- b) Que carecen de fins de lucro e que, consonte aos seus estatutos, teñen obxectivos e fins coincidentes co obxecto da subvención.
- c) Que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Coruña (REMAC), no caso de que a forma xurídica da entidade poida inscribirse.
- d) Que xustificaron as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrera o período de xustificación correspondente.

No caso de que, no momento de conceder as subvenciones, existan entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pagamento a que se produzan estas xustificacións.

- e) Que estean ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Non obstante, a solicitante poderá expresamente opoñerse á consulta ou obtención da documentación indicada debendo, neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas correspondentes.

- f) Que no exercicio da súa actividade non fora sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre Igualdade; e que non teña como voluntarias a persoas que teñan antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios fosen ou poidan ser vítimas destes delitos, consonte o disposto no artigo 8.5 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do Voluntariado.
- g) Se a actividade ou o proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración xurada de que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) encargado da realización da actividade e que teña un contacto habitual con menores cumpre co requisito establecido no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do Voluntariado.
- h) Que non se atopen en ningún dos casos de prohibición para obter a condición de persona/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- i) Que non foron sancionadas en firme en vía administrativa, laboral ou penal por violación do dereito á igualdade e non discriminación por razón de sexo.



- j) Que acrediten que os seus fins ou obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos non son contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.
- k) Que acrediten cumprir as obrigas establecidas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- l) Os demais incluídos na Lei Xeral de subvencións, na Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade, e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos.

Estes requisitos deberán manterse durante todo o ano da convocatoria. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

A entidade deberá asinar a correspondente declaración relativa ao cumprimento destes requisitos e que figura no *Anexo S1*.

V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

Base 9.- Procedemento de concesión: Réxime e iniciación

9.1. O procedemento de concesión das subvencións obxecto desta convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Base 10.- Procedemento de concesión: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

10.1. De conformidade co disposto no artigo 25 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, a instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Servizo ou Xefatura do Departamento no caso de ausencia ou vacante daquela, que actuará como órgano instrutor, segundo recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións.

10.2. O órgano competente para a resolución será a persoa titular da Concellaría delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local.

Base 11.- Procedemento de concesión: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

11.1. Presentación de solicitudes de subvención

11.1.1 A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>, a través do procedemento *Subvencións para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para actividades ou proxectos de interese social* ou a través dos restantes rexistros electrónicos a que se refire o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A solicitude deberá realizarse nos anexos oficiais da convocatoria.



Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primer día hábil seguinte.

11.2. Documentación das solicitudes de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

1.- Modelo de formulario que figura na sede electrónica do Concello, asinado pola persoa interesada, a titular da Presidencia e/ou representante da entidade ou agrupación solicitante, cumprimentando as especificacións, declaración e autorizacións que figuran no propio formulario.

Na indicación da conta bancaria na que realizar o ingreso, no caso de modificación da conta bancaria empregada en convocatorias anteriores, será necesario cubrir o documento denominado alta ou modificación de alta de terceiros. O devandito documento deberá ser selado pola entidade bancaria e presentado na sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>

2.- Estatutos vixentes da entidade solicitante.

3.- Resolución de inscrición no REMAC. No caso de non estar rexistrada no REMAC, a entidade deberá solicitar a súa inscrición no Servizo correspondente, e deberá rexistrarse antes da data da proposta de concesión da subvención.

Unha vez obtida a correspondente inscrición no REMAC, deberá comunicalo ao servizo encargado da tramitación desta convocatoria.

4.- Código de identificación fiscal (CIF)

5.- Calquera outra documentación que a entidade ou agrupación solicitante entenda que sexa pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para un maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria aos efectos de ampliar a información requirida e cunha extensión que non poderá exceder de 6 páxinas.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención

11.3.1. No caso de que os documentos requiridos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao disposto no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia no que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cubrindo para tal finalidade unha declaración segundo o modelo do Anexo S.6.

No caso de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou ao seu representante, a presentación do devandito documento ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire, antes da formulación da proposta de resolución.

VI. PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN

Base 12.- Procedemento de concesión: Instrución

12.1. A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponde ao órgano indicado na Base 10.1.



12.2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución.

12.3. Consonte o disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución incluírán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes considere necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada conforme cos criterios, formas e prioridades de avaliación establecidos na Base 12.1 anterior.

12.4. Se a solicitude de subvención non cumpre os requisitos establecidos nesta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle, que de non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá emitirse nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que proporcione a información e a documentación clarificadora e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

12.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión de Valoración indicada na Base 13.3 seguinte, deberá emitir un informe no que se especifique o resultado da avaliación realizada. A continuación, o órgano instrutor, logo de ver o expediente e o informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

Base 13.- Procedemento de concesión: Criterios de avaliación das subvencións e Comisión de Valoración das subvencións

13.1. Criterios de valoración das solicitudes:

Os criterios de valoración das solicitudes desagreganse en criterios relativos á entidade solicitante e criterios relativos ao proxecto presentado pola devandita entidade, tal como se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas aos mesmos.

A puntuación máxima será de 100 puntos. Só serán subvencionables as actividades ou proxectos que acaden un mínimo de 45 puntos.

13.1.1. Criterios relacionados coa entidade: Puntuación: Ata 10 puntos.

a) Achega económica propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto: Puntuación: Ata 10 puntos.

Outorgaranse 0 (cero) puntos ás entidades solicitantes que ofrezan o coeficiente de financiamento propio mínimo e obrigatorio, estimado nun 10% (segundo o establecido na Base 7.1 desta convocatoria), e un máximo de 10 puntos, que se outorgarán ás entidades solicitantes que ofrezan o maior nivel de cofinanciamento e que será en calquera caso superior ao 10 % anterior.

Para as demais actividades ou proxectos solicitados, aplicarase a seguinte fórmula:



$$X = \frac{B(C - 10)}{A - 10}$$

Sendo “A”, o coeficiente de financiamento propio máis alto, “B” a puntuación máxima esperada (10 puntos), “C” o coeficiente de financiamento propio da actividade ou proxecto que se valora e “X” a puntuación resultante de aplicar a fórmula.

13.1.2. Criterios relacionados co proxecto: Puntuación: Ata 90 puntos.

a) Presentación, contido e calidade técnica da memoria: Puntuación: Ata 15 puntos.

Valorarase a descrición da finalidade do proxecto para o que se solicita a subvención, a adecuación e a coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e as necesidades da poboación destinataria, protocolos e indicadores de avaliación, recursos humanos, materiais e medios técnicos necesarios, a difusión e a publicidade, etc., segundo o especificado no Anexo S.1 desta convocatoria.

Na valoración terase en conta os seguintes criterios de asignación da puntuación:

- Proxectos ben fundados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se definan axeitadamente e de maneira detallada todos os apartados do Anexo S.1. Puntuación: 15 puntos.
- Proxectos definidos de xeito xeral, sen desenvolver en detalle, pero que conteñan os aspectos máis importantes do proxecto, segundo os apartados do Anexo S.1. Puntuación: 10 puntos.
- Proxectos definidos de xeito indicativo ou nos que non se desenvolvan todos os apartados do Anexo S.1, pero dos que se deduza a súa viabilidade. Puntuación: 5 puntos.

Non serán valorados, nin se lles asignará ningunha puntuación, neste apartado, a aqueles proxectos que non estean perfectamente definidos e cumprimentados todos os campos do modelo / formulario que figura no Anexo S.1.

b) Transversalidade de xénero. Puntuación: Ata 5 puntos.

Neste apartado valorarase se o proxecto describe detalladamente as medidas que se implementarán para a transversalidade de xénero. Estas medidas serán concretas, reais e eficaces e estarán dirixidas a corrixir as desigualdades de xénero e promoverán a igualdade das mulleres e homes no ámbito do proxecto.

Neste apartado poderanse describir, como máximo, 5 medidas.

Criterios de puntuación: 1 punto por medida que se considere adecuada e efectiva, pola Comisión de Valoración, para a consecución da actividade subvencionada.

As entidades que acrediten ter un Plan de igualdade entre mulleres e homes cando non exista unha obriga legal de adoptar este plan, obterán directamente os 5 puntos deste apartado.

c) Grado de adecuación da actividade ou proxecto ao obxecto da convocatoria e a súa relación co ámbito dos servizos sociais. Puntuación: Ata 10 puntos.

Neste apartado valorarase o grao de adecuación da actividade ou proxecto presentado ao obxecto e finalidade da convocatoria e a súa relación co ámbito dos servizos sociais municipais. A puntuación asignarase en función do nivel do grao da devandita adecuación, de forma que aqueles proxectos que teñan un maior grao de adecuación poderán alcanzar un máximo de puntuación de dez (10,00) puntos, mentres que aqueles outros proxectos cuxo nivel non sexa adecuado, terán unha puntuación de cero (0,00) puntos; as restantes actividades ou proxectos valoraranse dentro do rango da devandita



puntuación, entre cero (0,00) e dez (10,00) puntos, en función do seu nivel menor ou maior grao de adecuación.

d) Tipoloxía do proxecto. Puntuación: Ata 18 puntos.

Neste apartado valorarase en función da tipoloxía do proxecto presentado, de acordo coa seguinte distribución de valoración e puntuación:

- Proxectos de inclusión social para cubrir as necesidades básicas das persoas e que se levan a cabo directamente con persoas en situación de risco/exclusión social. Puntuación: 15 puntos.
- Proxectos de inclusión con persoas en risco de exclusión social. Puntuación: 10 puntos.
- Proxectos para a realización de actividades socioculturais, actividades de difusión, concienciación, prevención, sensibilización, etc. para a poboación en xeral. Puntuación: 5 puntos.

Aqueles proxectos que presenten accións ou actividades innovadoras recibirán 3 puntos adicionais.

e) Perfil das persoas beneficiarias directas do proxecto obxecto da subvención. Puntuación: Ata 12 puntos.

Neste apartado valorarase en función do perfil das persoas beneficiarias do proxecto obxecto da subvención, de acordo coa seguinte distribución de valoración e puntuación:

- Persoas, familias ou sectores específicos da poboación en situación ou risco de exclusión social. Puntuación: 12 puntos.
- Sectores específicos da poboación ou poboación en xeral. Puntuación: 6 puntos.

No caso de que as persoas beneficiarias correspondan a máis dun perfil, darase a puntuación correspondente ao de maior número de persoas participantes, segundo os datos do Anexo S.1.

f) Relevancia da actividade ou proxecto obxecto da subvención no marco dos servizos sociais municipais (grado de complementariedade do proxecto obxecto da solicitude da subvención, coas actuacións, programas e accións desenvolvidas polos servizos sociais municipais). Puntuación: Ata 15 puntos.

Neste apartado valorarase o grao de relevancia da actividade ou proxecto obxecto da subvención no marco dos servizos sociais municipais. A puntuación asignarase en función do nivel do grao da devandita relevancia, de forma que aqueles proxectos que teñan un maior grao de adecuación poderán alcanzar un máximo de puntuación de quince (15,00) puntos, mentres que aqueloutros proxectos cuxo nivel non sexa adecuado, terán unha puntuación de cero (0,00) puntos; as restantes actividades ou proxectos valoraranse dentro do rango da devandita puntuación, entre cero (0,00) e quince (15,00) puntos, en función do seu nivel menor ou maior de grao de relevancia.

g) Temporalización do proxecto (número total de horas das sesións e/ou atención social ao ano).

Puntuación: Ata 10 puntos.

Neste apartado valorarase en función da temporalización do proxecto obxecto da subvención, segundo o número de horas das sesións e/ou atención social que se realizarán durante o ano correspondente ao da convocatoria, de acordo coa seguinte distribución de valoración e puntuación:

Obterán a máxima puntuación neste apartado, 10 puntos, os proxectos que teñan unha duración igual ou superior a 500 horas ao ano.

As actividades que teñan unha duración inferior a 500 horas ao ano, puntuaranse de xeito proporcional segundo o número de horas do proxecto e o número de horas asignadas á puntuación máxima neste apartado.

h) Emprego da lingua galega na realización e difusión do proxecto: Puntuación: Ata 5 puntos.



Neste apartado valorarase en función do emprego da lingua galega na realización e difusión do proxecto obxecto da subvención. Este compromiso de emprego da lingua galega terá unha puntuación de 5 puntos, e o devandito compromiso deberá reflectirse mediante a sinalización cun “X” no cadro correspondente no Anexo S.1. Advirtese que, para a asignación desta puntuación, é imprescindible que se cumprimente da forma correcta a sinalización indicada.

13.2. Determinación do importe da subvención

Ata esgotar o crédito dispoñible, o importe da subvención resultante para cada actividade ou proxecto determinarase pola seguinte fórmula:

- Importe da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto.
- Cálculo do valor de cada punto:

$$\text{Valor punto} = \frac{\text{Orzamento total (125.000,00 euros)}}{\text{Total de puntos obtidos por todas as actividades ou proxectos}}$$

En ningún caso o importe da subvención poderá superar o máximo subvencionable, segundo o establecido na base 7.

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estes redistribuirase entre as actividades ou proxectos cuxo importe asignado sexa inferior ao solicitado.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxo importe asignado sexa inferior ao solicitado ou ao límite establecido nestas bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais, agás a asignación final, que se redondeará a números enteiros.

13.3. Comisión de Valoración:

13.3.1. As solicitudes da subvención presentadas serán avaliadas por unha Comisión de Valoración designada pola concelleira responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade e estará formada por persoal funcionario municipal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, cunha presenza equilibrada de ambos sexos, cunha representación feminina de polo menos un 40%, e coa seguinte composición:

- *Presidenta/e*: Un/a funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1/A2 e adscrito/a ao Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.
- *Vogais*: Dous técnicos/as municipais adscritos/as ao Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.
- *Secretario/a*: Un/a funcionario/a de carreira municipal adscritos ao Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.

13.3.2. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Comisión de Valoración, será substituída pola persoa funcionaria designada por quen exerza a Xefatura do Servizo de Servizos Sociais.

13.3.3. A Comisión de Valoración, a través do órgano instructor, poderá requirir ás entidades ou agrupacións solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.



Base 14.- Procedemento de concesión: Resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación e resolución definitiva das subvencións

14.A) Proposta de resolución provisional:

14.1. O órgano instrutor, logo de ver o expediente e o informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se notificará ás personas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña:
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Páxina web municipal de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/serviciossociales/es?argIdioma=es>

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tras esta notificación concederáse ás persoas solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

14.2. Cando a subvención teña por obxecto a financiación de actividades ou proxectos a desenvolver pola entidade solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, de conformidade co disposto no artigo 27 da LXS, pódese instar á persoa beneficiaria á reformulación da súa solicitude, para que axuste os compromisos e condicións á subvención outorgable, nun prazo non superior a cinco días hábiles desde o remate do prazo de presentación de alegacións.

Neste caso, a entidade beneficiaria que presente a reformulación deberá manter o importe do cofinanciamento ou, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciamento que figura no orzamento inicial.

Non obstante, no caso de que se reaxuste o orzamento á baixa, deberá xustificarse axeitadamente o mantemento do resto de criterios que foron esenciais para o outorgamento da subvención concedida (número total de horas, etc.), podendo reaxustarse á baixa a puntuación e a subvención outorgada no caso contrario.

A solicitude de reformulación deberá incluír necesariamente a seguinte documentación:

- Solicitude que deberá presentarse e cumprimentarse no modelo establecido que se achega (Anexo S.7).
- Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou accións solicitadas, con expresión do financiamento previsto e cun nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables, mediante a presentación do modelo do Anexo S.8

14.B) Proposta de resolución definitiva

14.3 Examinadas as alegacións aducidas ou, no seu caso, as reformulacións presentadas polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e o seu importe, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.



Concello da Coruña

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cómpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

14.4. A proposta de resolución definitiva notificarase ás persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei Xeral de Subvencións e os artigos 40, 41, 42 e 43 de la Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Esta notificación realizarase mediante anuncio público na data seguinte á da aprobación da proposta de resolución definitiva, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña:

(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)

- Páxina web municipal de servizos sociais:

<https://www.coruna.gal/serviciosociales/es?argIdioma=es>

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 de la Ley 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14.5 Logo da publicación e a notificación colectiva da proposta de resolución definitiva ás entidades interesadas que fosen propostas como beneficiarias na fase de instrución, estas deberán aceptar ou renunciar á subvención no prazo que se indica a continuación, o cal comezará a computarse a partir do día seguinte o da data da publicación no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña, segundo se indica no apartado 14.4 anterior. Entenderase que aceptan a subvención, obxecto da presente convocatoria, se transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles, non renunciase de maneira expresa.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algun a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración municipal, mentres non se lles notifique a resolución da concesión.

VII. PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN

Base 15.- Resolución

15.1 Resolución

Á vista das subvencións que figuran na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas polas persoas propostas como beneficiarias, o órgano competente resolverá o procedemento.



A competencia para conceder e denegar as subvencións, acordar o desistimiento da solicitude ou a renuncia do dereito á subvención, incluído, acordar o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e o xuro legal do diñeiro que corresponda, en relación coas subvencións, obxecto da presente convocatoria, corresponde á persoa responsable da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado o 4 de xullo do 2024 e publicado no BOP da Coruña nº 129, o 05 de xullo do 2024.

O acordo da resolución da convocatoria incluírá, ademais da solicitante ou relación das solicitantes ás que se concede a subvención, no seu caso, de maneira expresa, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras e a convocatoria específica para adquirir a condición de beneficiarias, non se estimen por exceder o importe máxima do crédito establecido na convocatoria, indicando a puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración.

Se se renunciara á subvención por algunha das beneficiarias, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención á solicitante ou as solicitantes seguintes a aquela por orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se liberara o crédito suficiente.

15.2 Notificación da resolución

A resolución do procedemento, conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificarase ás entidades ou persoas interesadas mediante anuncio público no día seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Páxina web municipal de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/serviciossociales/es?argldioma=es>

A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O prazo máximo para a resolución e a notificación/publicación da concesión das subvencións é de nove meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. O período empregado para a corrección das deficiencias, achega dos documentos e reformulación das solicitudes interromperá o devandito prazo, de conformidade col artigo 22.1 de la Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión da subvención non xera ningún dereito á súa percepción nas futuras convocatorias.

Base 16.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

16.1. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.



16.2. Contra a devandita resolución caberá a interposición dun recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, polo que o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contar a partir da notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, (art. 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

VIII. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17.- Obrigas das persoas beneficiarias

De cconformidade co disposto no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 14 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, as personas beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvenciones.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que realice o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidad colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta da resolución da concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das suas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello para realizar as consultas dos datos que xa se encontren en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos previstos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos por estas bases reguladoras, polas bases reguladoras da convocatoria, co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



h) Adoptar as medidas de difusión que se determinen, facendo constar expresamente e de forma visible en calquera dos medios e materiais que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas que estas se realizan con financiamento do Concello da Coruña ou de calquera dos seus organismos, nos termos que se establezan na respectiva convocatoria, acordo da concesión ou convenio e seguindo as indicacións técnicas dos manuais de imaxe corporativa municipal.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos casos que se establecen na lexislación xeral de subvencións

IX. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Base 18.- Xustificación das subvencións concedidas

18.1. Forma e prazo da xustificación:

18.1.1 As beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

18.1.2. A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter> ou nos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con destino á Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, Servizo de Servizos Sociais, no prazo de tres meses contados a partir do fin do prazo para a realización da actividade ou proxecto obxecto da subvención concedida.

Polo tanto, o prazo máximo para a admisión da xustificación remata o 31 de marzo do 2026.

18.1.3. O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto subvencionado, e en ningún caso poderá superar ao seu déficit. A persoa beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Deberá xustificarse a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu momento no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao presentado na solicitude da subvención ou, no seu caso, ao orzamento reformulado, só se admitirán desviacións de financiamento cando sexan inferiores ao 10% do importe indicado no orzamento inicial ou no orzamento reformulado. No caso de superar este importe, producirase en todo caso unha redución proporcional do importe concedido, ata o límite do 50% indicado na Base 20.3 seguinte.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non será aboada cantidade algunha ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

Naqueles casos no que se execute un importe superior ou inferior ao orzamentado, sen prexuízo do disposto no apartado anterior, manterase a porcentaxe de cofinanciamento nas mesmas condicións que deron lugar á concesión da subvención.

18.1.4. Se non se produce unha adecuada xustificación ou non existe relación do importe xustificado co inicialmente previsto na resolución, poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro total cando a Comisión



de Valoración non considere acadados os obxectivos propostos na actividade ou proxecto ou parcial da subvención no resto dos casos.

18.1.5. O Concello da Coruña resérvase o dereito de comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a persoa beneficiaria estará obrigada a proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes na auditoría de contas.

18.1.6. O grao de execución e xustificación das actividades ou proxectos poderá considerarse entre os criterios de valoración nas futuras convocatorias.

18.2. Documentación da xustificación:

Antes de rematar o prazo indicado na base 18.1.2, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación da xustificación.

A documentación que deberá achegar a entidade beneficiaria para os efectos da xustificación da subvención é a seguinte:

- 1) Anexo J.0: Modelo de solicitude de xustificación da subvención concedida.
- 2) Anexo J.1: Memoria explicativa da actividade/proxecto realizado.
- 3) Anexo J.2: Balance de ingresos e gastos da actividade/proxecto subvencionado. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados pola actividade ou proxecto subvencionado, sen prexuízo da obriga da entidade de comunicar a existencia doutras subvencións e axudas mediante a presentación do Anexo S3, nos termos establecidos na base 6.
- 4) Anexo J.3: Relación detallada dos xustificantes de gastos da actividade ou proxecto. A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración do Anexo J.3. Rexeitaranse as xustificacións que non cumpran esta obriga.
- 6) Anexo J.3.A: Certificación individualizada da indemnización por razón do servizo, no caso de que se realizasen e pagasen, cubrindo o formulario establecido para o efecto (anexo J.3.A)
- 7) Material impreso ou fotográfico dos elementos de difusión (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías e outros documentos da actividade subvencionada) onde figure o logotipo do Concello da Coruña nos termos e cos requisitos previstos na Base 17, h) e capturas de pantalla das páxinas web e perfís de redes sociais coa mesma finalidade.

18.3. Relación clasificada e detallada dos gastos: Criterios e documentación adicional da xustificación

En relación co proceso de xustificación dos gastos a través da relación indicada nos apartados 5) e 6) anteriores, deberase ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación adicional que se indica:

- a) Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. O total das facturas presentadas deberá coincidir coa suma total reflectida na relación detallada de xustificantes de gasto. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.



- b) No caso de que a subvención concedida estea destinada a pagar ás persoas físicas pola prestación de servizos profesionais, ao pagamento de premios ou ao pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria estará obrigada a reter o Imposto sobre a Renda das Personas Físicas (IRPF), dentro dos límites e excepcións establecidos pola mencionada Lei 35/2006 e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias vixentes, debendo acreditarse cos modelos 111 e 190 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pagamento do ingreso na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 e 190.
- c) As facturas presentaranse polo conxunto da actividade ou proxecto subvencionado, mesmo cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.
- d) No caso de imputarse gastos de persoal, achegaranse as nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores). O RLC deberá ir acompañado do justificante bancario de pagamento, aínda que non se imputen custos da Seguridade Social. Así mesmo achegaranse os modelos 111 e 190 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pagamento.
- e) No caso de imputarse gastos por aluguer de inmobles, deberán presentar o modelo 115 e 180 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pagamento.
- f) No caso de gastos de cartelería, dípticos y trípticos deberá presentar un exemplar do modelo empregado xunto coa conta xustificativa para comprobar que se inclúen os logotipos do Concello da Coruña.
- g) Nos casos en que sexa de aplicación o disposto na Base 7.5 anterior, presentarase unha copia dos tres orzamentos incluídos nas ofertas recibidas que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de 40.000,00 euros no caso de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

18.4. Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos

18.4.1. Só se considera gasto realizado o que se pagou antes ao remate do período de xustificación. No caso de gastos imputables a dous anos naturais e consecutivos, só se admitirá a imputación da parte proporcional ao período obxecto da convocatoria.

18.4.2. Os pagamentos en efectivo terán carácter excepcional. Admitiranse pagamentos en efectivo por importes máximo de 300 euros, IVE engadido. No caso de que o pagamento dun servizo estea fraccionado en varios pagamentos, o límite de 300 euros entenderase para o conxunto dos devandito pagos fraccionados.

Para xustificar os pagamentos en efectivo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisorse lle pagou o importe, con identificación da factura á que corresponde ou que na propia factura ou xustificante de gasto, conste que recibiu o importe e a data na que o recibiu, quedando así acreditada, a conformidade da persoa contratista ou provedora.

18.4.3. En consecuencia, para acreditar o pagamento de gastos superiores a 300,00 euros, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, achegando á factura o xustificante de pagamento bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pagamento se realiza



mediante talón ou cheque nominativo deberá presentarse copia do mesmo, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario pagou o mesmo.

18.4.4. Considérase aconsellable que todos os pagamentos relacionados coa finalidade da subvención se fagan “preferentemente” dende unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionar os pagamentos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

18.4.5. Tamén considerarase efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do derecho de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a eles dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

18.5. Información estatística adicional

No caso de que o Concello da Coruña o solicite, as persoas beneficiarias das subvencións deberán achegar a información estatística que se lles requira sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación que estableza o Concello da Coruña, para tal fin.

18.6. Requirimento por falta de presentación da xustificación

De conformidade co establecido no artigo 70.3 do Regulamento Xeral de Subvencións e o artigo 38.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, una vez transcorrido o prazo establecido da xustificación sen achegala ante o órgano competente, éste requirirá á persoa beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días se presente. O transcurso deste prazo sen que se achegue a xustificación implicará a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. Con todo, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á persoa beneficiaria das sancións que correspondan.

X. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Base 19.- Pagamento das subvencións

19.1. Consonte o disposto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 41.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, o pagamento da subvención concedida realizarase previa xustificación pola persoa beneficiaria da realización da/s actividade/es ou proxecto/s para os que se concedeu a subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

19.2. O pagamento realizarase mediante un ingreso na conta bancaria que conste dada de alta na Tesourería municipal.

Base 20.- Pagamento anticipado das subvencións

20.1. De conformidade co disposto no artigo 41.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, poderán realizarse pagamentos anticipados con carácter previo á xustificación, cando de acordo á natureza ou fins da subvención, sexa necesaria a entrega dos fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.



20.2. O pagamento anticipado tramitarase de oficio polo órgano instrutor. Neste caso, realizarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida sobre a que se constituirá unha garantía do 2% do importe total da subvención, mediante a retención do pagamento polo Concello da Coruña da devandita porcentaxe. Unha vez feita a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

20.3. En calquera caso, para realizar os pagamentos anticipados, as persoas beneficiarias deberán acreditar que se encontran ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña.

20.4. En calquera caso, o recoñecemento da obriga correspondente ao pagamento das subvencións, anticipado ou non, estará condicionado á xustificación das subvencións nominativas ou en concorrencia competitiva outorgadas polo Concello da Coruña en exercicios anteriores. Unha vez pechada de conformidade a xustificación, continuarase coa tramitación do pagamento.

XI. REINTEGRO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

Base 21.- Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do derito a cobranza total ou parcial da subvención concedida no caso de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 42 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos.

Nos casos nos que proceda, aplicarase o reintegro parcial, en función da porcentaxe do incumprimento, segundo o establecido no artigo 42.2 da devandita ordenanza.

Base 22.- Causas do reintegro das subvencións concedidas

22.1. De conformidade co artigo 42.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, o Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte da aplicación desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes supostos:

a) Nos supostos indicados no artigo 37 da LXS e no artigo 33 da LSG.

b) Cando a forma de xustificar a subvención sexa a través da conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto ou simplificada e deáse algún destes supostos:

1º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil sexan ilexibles ou non teñan relación coa actividade ou proxecto subvencionado.

2º. Os documentos xustificativos dos gastos realizados consistan en autofacturas, non acrediten ao emisor, non se emitan a nome do beneficiario ou non indiquen o concepto do gasto realizado.

3º. Non se acredite o pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

c) Cando o importe da subvención calcúlese como unha porcentaxe do custo final da actividade ou proxecto e da súa execución resultara unha porcentaxe de financiamento por parte do Concello superior ao inicialmente previsto, procederase ao reintegro do exceso.



Concello da Coruña

d) Cando o importe da subvención calcúlese como unha porcentaxe en función dos resultados obtidos respecto ao obxectivo da actividade ou proxecto e da súa execución e avaliación resultara un resultado inferior ao que se determinou por parte do Concello na correspondente convocatoria, convenio ou acordo de concesión, procederase ao reintegro do exceso en función dos resultados obtidos respecto dos previstos.

e) Cando o importe dos custos indirectos supere a porcentaxe máxima establecida na respectiva convocatoria pública, acordo de concesión ou convenio.

f) Cando houbese unha execución e xustificación do gasto inferior ao mínimo previsto, no seu caso na convocatoria, para os efectos de considerar realizada a actividade ou proxecto.

g) Por unha xustificación insuficiente, ben pola irracionalidade apreciada motivadamente pola Intervención Xeral do Concello nun procedemento de control financeiro, ben apreciada polo órgano xestor ao valorar a corrección da xustificación presentada.

h) Por realizar subcontratacións e/ou operacións con entidades ou persoas previstas no artigo 29.7 da LXS, cando así se valore motivadamente, atendendo ao principio de importancia relativa, pola Intervención Xeral no control financeiro ou polo servizo xestor no momento da valoración da xustificación presentada.

i) Aqueles casos que adicionalmente se establezan na respectiva convocatoria, acordo de concesión, convenio ou normativa sectorial de aplicación.

22.2. Así mesmo, procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, o importe das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou proxecto de que se trate.

22.3. En calquera caso, procederá o reintegro total da subvención concedida nos supostos en que se xustifique por un importe inferior ao 50% do orzamento inicial. No caso de xustificar un importe inferior ao 90% do orzamento inicial e sempre que se xustifique polo menos o 50%, abonarase a parte proporcional da subvención concedida.

22.4. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e artigos 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións e o artigo 43 da ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e o seus organismos autónomos.

XII. BASES ADICIONAIS

Base 23.- Información ás entidades ou agrupacións interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, as entidades ou agrupacións interesadas poderán obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>. A través da páxina web oficial municipal: <http://www.coruna.gal/portal/es/servicios/tramites-y-gestiones/subvenciones-y-ayudas>

Base 24.- Protección de datos de carácter persoal

Ambas as partes, Concello da Coruña e entidades beneficiarias das subvencións, comprométese a cumprir co disposto na lexislación vixente de protección de datos, e en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD), do 27 de abril de 2016,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e cantas outras normas sexan de aplicación, así como as obrigas e as responsabilidades que se deriven delas. A ENTIDADE, en canto ao tratamento dos datos de carácter persoal relativos a esta Subvención, é encargada do tratamento, sendo o Concello da Coruña responsable do tratamento. Como encargada, a ENTIDADE queda obrigada ao cumprimento das obrigas dispostas no art. 28 do RGPD e no art. 33 de la LOPDGDD, e en concreto:

- A tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade do proxecto ou actividade/es subvencionado/s.
- Non utilizar os datos persoais para fins propios.
- Realizar o tratamento de datos conforme ás instrucións do Concello da Coruña.
- Levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do Concello da Coruña.
- Asistir ao Concello da Coruña no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo proxecto ou actividade/es subvencionado/s.
- Non comunicarlles os datos a terceiras persoas ou entidades, salvo que teña a autorización expresa do Concello da Coruña ou nos supostos legalmente admisibles.
- Manter o deber de secreto respecto aos datos de carácter persoal que tivese acceso en virtude do proxecto ou actividade/es subvencionado/s, mesmo despois de que finalice a súa execución, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respetar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondientes.
- Aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade axeitado ao risco, consonte o disposto no artigo 32 do RGPD.
- Notificarlle ao Concello da Coruña, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- A elección do Concello da Coruña, suprimir ou devolver todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Con todo, a ENTIDADE poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
- Poñer ao dispor do Concello da Coruña, se fose preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigas respecto ao encargo do tratamento.

Base 25.- Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

25.1. De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña: <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>.

25.2.- De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se transmitirá á base de datos nacional de subvencións a información requirida por



esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Base 26.- Competencia para a aprobación das Bases e recursos contra elas

26.1.- A aprobación das bases da presente convocatoria de subvencións é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno, por Acordo de data 4 de xullo do 2024 (BOP núm. 129, do 05/07/2024) delegou, de conformidade co previsto no art. 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nos tenentes e tenentas de alcaldesa que ten atribuídas, por Decreto da Alcaldía, a condición de coordinadora ou coordinadores responsables da área, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos a cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos unha serie de atribucións. O apartado i) do devandito acordo acordou delegar o desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesión e negocios xurídicos patrimoniais que se rixen polo apartado c)), e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión así como a aprobación de subvencións nominativamente previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE engadido, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo ás aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Contra o devandito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo para partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación das bases no BOP.

Base 27.- Autorización e facultades á Concellaría delegada de Benestar Social.

27.1.- Autorízase e facúltase á Concellaría delegada de Benestar Social, Participación e Igualdade coa aprobación desta convocatoria, como competente en materia de axudas sociais, para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nestas bases reguladoras desta convocatoria de subvencións, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nelas, de acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Ampliar o crédito destinado á devandita convocatoria de conformidade co previsto na base 4.3. desta convocatoria sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- c) Realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado por estas bases da convocatoria desta subvención.

27.2.- No caso de discrepancia entre o contido destas bases reguladoras das subvencións, obxecto desta convocatoria, nas súas versións en idioma castelán ou en idioma galego, prevalecerá en todo caso, o establecido polo literal da versión en idioma castelán.

A Coruña, na data que consta na sinatura electrónica deste documento.

A Xefa do Servizo de Servizos Sociais